

RURALIDADE FOLEIRA

afra torrado

oli son afra torrado e nesta movida que
escribín nunha tarde e que non sei como chamar,
cóntovos a miña foquin vida: coma en twitter pero
en courier, basicamente. basis de fresi.

agosto de 2017



guantes

baixei a por ovos
guantes agardábame
 menos mal que alguén o fai

guantes, non teño tempo
collín os ovos que collían no cesto

guantes meteuse entre os meus pés
e escachei dúas ducias de ovos.




papá plantou remolachas e
nin as galiñas as comen.

DRIVE

un fascista
que se agochaba
detrás dun filme.

(ficción)



VERBENA


na festa sentinme unha alunaki
por como me miraban
mentres a miraba

con desexo

o carallo dos eucaliptos, kolega
pero eles non son os que tapan o mar.

moita aldea
pero que non falte
queixarse do wifi

alguén gastou
tempo e minuciosidade en pintar os cadrados
da cornixa
do cuarto de baño



imaxina
vivir
nun cubo


HISTORIA DE AMOR

quieres ser a miña moza?
supoño, ti quieres?
eu si.
pois eu tamén.

hai unha casa
xunto o mar

é branca
e ten dono

pero algún día
habemos de vivir alí



o mellor momento
da vendima
era a merenda

(no 2003 todo era merenda)

e agora vés aquí
e pretendes
que che presente ás miñas gatas?

unha vez berráronme
por utilizar parénteses
nun

((((((((((((((((poema)))))))))))))))

a casa é o sitio
onde queres quedar moito tempo

espero que non me botes xusto agora,
estou quedando durmida.

